

III. OUTRAS DISPOSICIÓN**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

EXTRACTO da Orde do 8 de marzo de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2017/18.

BDNS (Identif.): 390624.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Obxecto

Axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea, no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas ao estudiantado de ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia que participan no citado programa de mobilidade na educación superior durante o curso 2017/18.

Segundo. Requisitos

Cidadáns/ás da Unión Europea ou estranxeiros/as non comunitarios/as con residencia legalizada no Estado español, matriculados/as no curso 2017/18 en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan ensinanzas artísticas superiores, que obtivesen unha bolsa Erasmus+ de mobilidade no curso 2017/18 e non gozasen desta axuda en convocatorias anteriores.

Terceiro. Bases reguladoras

Orde do 8 de marzo de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea, no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2017/18 (código do procedemento ED322A).

CVE-DOG: yz9qqcm0-8v13-jnm4-abj1-3img8lijaf9



Cuarto. *Contía das axudas*

Serán 195 €/mes, 165 €/mes ou 125 €/mes, dependendo do país de destino e, de ser o caso, adicionalmente, 500 € para os expedientes académicos que posúan unha maior nota media, cun orzamento máximo total de 35.000 €.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2018

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

CVE-DOG: yz9qqcm0-8v13-jnm4-abj1-3img8lijaf9

